

AVALIACIÓN PRELIMINAR DO IMPACTO DO INCENDIO DAS FRAGAS DO EUME SOBRE AS POBOACIÓNS DE MORCEGOS

**Roberto X. Hermida Lorenzo
Manuel Arzúa Piñeiro**



Realizáronse dúas visitas ás zonas afectadas polo incendio declarado o sábado 31/03/2012 no Parque Natural das Fragas do Eume para avaliar o impacto do mesmo sobre as poboacións de morcegos, en base ao informe “Morcegos do Parque Natural das Fragas do Eume: inventario, distribución, ecoloxía”, presentado por Drosera en maio de 2010.

Martes 03/04/2012

Visitamos a zona comprendida entre a antiga central hidroeléctrica da Ventureira e a presa do Eume (concello da Capela), na que se atopan 7 refuxios subterráneos da zona afectada polo incendio que conforman un metarefuxio de gran importancia na dinámica das poboacións de morcegos do parque.

Este sector do parque está incluido nunha das zonas identificadas como prioritarias para a conservación dos morcegos do parque no informe de 2010 (a denominada “Pasada Vella”), debido á diversidade de especies detectada (0 88% das especies presentes no parque), a presenza do mencionado metarefuxio (utilizado como refuxio de cría e hibernada por 7 especies), á existencia dun hábitat de alimentación en bo estado e á existencia dun sitio *swarming*, o primeiro que se identificou en Galicia.

Como puidemos comprobar, esta zona víuse amplamente afectada en canto á superficie queimada. Nas zonas más altas, con forte presenza de eucalipto, o lume acadou gran altura e queimou a totalidade da altura do dosel arbóreo. Máis abaixo, xa en zonas de fraga máis madura, o lume discorríu por debaixo do dosel, sen afectar aparentemente ao estrato arbóreo, más devstando por completo os estratos herbáceo e arbustivo, e deixando o chan moi exposto a procesos erosivos.



O lugar da Pasada Vella no outono de 2009 (*esquerda*) e o 03/04/2012 (*dereita*).

A afeción da zona “Pasada Vella” concrétese en tres puntos principais:

1. Empobrecemento do hábitat de alimentación das especies forestais, debido á destrucción dos estratos herbáceo e arbustivo.
2. Grave afección aos refuxios arbóreos situados por debaixo do dosel.
3. Molestias ocasionadas nos refuxios subterráneos, que representan os refuxios de maior interese coñecido para os morcegos no parque.

O punto 1 afecta a todas aquelas especies presentes no parque que se alimentan no medio forestal, como *Rhinolophus hipposideros*, *R. ferrumequinum*, *Myotis alcathoe*, *M. mystacinus*, *M. cf. nattereri*, *M. bechsteinii*, *B. barbastellus*, *P. auritus* e *P. austriacus*. *R. ferrumequinum* presenta nesta zona agrupacións tanto de hibernación como de cría, que se poden ver afectadas pola perda de hábitat de alimentación no entorno inmediato dos refuxios.

O punto 2 afecta especialmente a especies como *M. alcathoe*, *M. cf. nattereri*, *M. bechsteinii*, *B. barbastellus* ou *P. auritus* que se refuxian habitualmente en fendas e ocos de árbores. Os traballos de radiosegueamento efectuados no Parque Natural das Fragas do Eume amosan que estas especies refúxianse habitualmente por debaixo do dosel arbóreo, con alturas medias de refuxio de 2,8 metros para *M. alcathoe* e 4,9 metros para *B. barbastellus*. Noutras zonas de Galicia atopamos refuxios de *M. alcathoe* e *M. cf. nattereri* por debaixo dos 0,70 metros de altura e de *B. barbastellus* a 1,35 metros. Por tanto estas especies puideron verse fortemente afectadas nesta zona polo lume – tanto por dano directo como por destrución de refuxios - incluso nas zonas de lume máis baixo.

Por desgracia, avaliar a afeción do incendio a estas especies requeriría un esforzo económico e temporal que escapa ás posibilidades desta visita.



Arriba á esquerda: refuxio utilizado por *Myotis cf. nattereri* no Eume en 2010.

Arriba á dereita: refuxio potencial de características semellantes afectado polo lume dos pasados días.

No referente ao punto 3, temiamos atoparnos exemplares mortos por asfixia no interior dos refuxios subterráneos situados na zona queimada. Non atopamos ningún cadáver nos 7 refuxios revisados, o que é un gran alivio.

Sí observamos un número inusualmente baixo de especies e exemplares. Comparado con datos destas mesmas épocas dos dous anos para os que se dispónemos desta información, atopamos o seguinte:

Data	Nº de exemplares				
	<i>R. ferrumequinum</i>	<i>R. hipposideros</i>	<i>M. emarginatus</i>	<i>M. nattereri</i>	<i>M. Myotis</i>
22/03/2007	35	-	-	4	-
31/03/2009	94	1	3	5	1
03/04/2012	7	-	-	-	1

Aínda que a singular climatoloxía do inverno de 2012 obriga a ser cautos á hora de comparar os resultados de diferentes anos, o número de morcegos observado (8 en total) resulta excesivamente baixo para non especular cunha

probable molestia ocasionada polo fume que obrigou a realizar un cambio de refuxio, cun impacto sobre a poboación que, de momento, non é posible avaliar.

Luns 09/04/2012

Nesta xornada visitamos o entorno do Mosteiro de Caaveiro (concello da Capela) e a ladeira situada xusto enfrente do mesmo (concello de Monfero).

Este sector do parque está incluido nunha das zonas identificadas como prioritarias para a conservación dos morcegos do parque no informe de 2010 (a denominada “Soaserra”), debido á diversidade de especies detectada e á presenza de agrupacións de cría de varias especies neste tramo final do Eume.

A visita tiña por obxectivo facer unha valoración do impacto do incendio na zona en xeral e, en particular, sobre as zonas-refuxio coñecidas do morcego das fragas, *B. barbastellus*. No estudo realizado en 2009 e presentado en maio de 2010 destácase o interese desta zona para a reproducción de *B. barbastellus*, ao atoparse nela o 78% das localizacións de femias xestantes radiomarcadas, utilizando en tódolos casos ocos baixo codias en carballos (*Quercus robur*) mortos ou en avanzado estado de decaemento.

Nas fragas do entorno do Mosteiro de Caaveiro o lume afectou principalmente aos estratos herbáceo e arbustivo, aínda que as árbores secas – precisamente aquelas más interesantes para *B. barbastellus* – víronse especialmente afectadas, caendo ou queimándose por completo un elevado número delas. Dos dous refuxios arbóreos que tiñamos marcados nesta zona, un deles víuse afectado únicamente na parte máis baixa, sen que as codias nas que se refuxiaba a agrupación de *B. barbastellus* (por riba dos 4 metros de altura) se viran aparentemente afectadas. O segundo refuxio, en cambio, situado a só 50 metros do anterior, non puido ser localizado, polo que tememos –aínda que non podemos confirmalo – que foi destruído por completo.

Na ladeira que se sitúa fronte ao Mosteiro de Caaveiro, xa no concello de Monfero, o lume tivo un efecto devastador. Especialmente na metade superior, xustamente a zona-refuxio identificada para *B. barbastellus*. Os dous refuxios que mantíñamos identificados – situados por riba dos 7 metros de altura - foron completamente destruidos polo lume, que afectou aquí á totalidade da altura do

dosel arbóreo. Ademáis dos refuxios identificados, quedaron destruidos a práctica totalidade de refuxios potenciais, así como o hábitat de alimentación nas súas inmediacións.



- 1.** Refuxio utilizado por *B. barbastellus* en 2009 (**a**) e estado actual (**b**).
- 2.** Refuxio utilizado por *B. barbastellus* en 2009 (**a**) e estado actual (**b**).
- 3.** Entorno do refuxio anterior en 2009 (**a**) e estado actual (**b**). As ábores que aparecen en primeiro termo son as mismas que se ven nas figuras 2a-b.

Os círculos vermellos sinalan a ubicación exacta do refuxio utilizado en 2009. Nos dous casos eran codias semidesprendidas, completamente destruidas polo incendio.

Conclusións

1. O incendio afectou a dúas das tres zonas prioritarias para conservación dos morcegos identificadas no informe “Morcegos do Parque Natural das Fragas do Eume: inventario, distribución, ecoloxía” , presentado por Drosera en maio de 2010.
2. Na zona prioritaria para a conservación dos morcegos “Pasada Vella”, o lume causou un grave empobrecemento do hábitat de alimentación e afectou aos potenciais refuxios arbóreos situados por debaixo do dosel arbóreo. O efecto sobre os refuxios subterráneos deberá ser avaliado ao longo do ciclo anual.
3. Na zona prioritaria para a conservación dos morcegos “Soaserra”, o lume afectou de xeito desigual ás dúas ladeiras do val. Na ladeira norte (concello da Capela) causou un grave empobrecemento do hábitat de alimentación e afectou aos potenciais refuxios arbóreos situados por debaixo do dosel arbóreo, en especial ás árbores mortas. Na ladeira sur (concello de Monfero) a destrucción de refuxios arbóreos e hábitat de alimentación foi total nalgunhas zonas, véndose afectados a totalidade dos refuxios coñecidos de *B. barbastellus*.
4. Avaliar máis en profundidade o efecto do lume sobre as poboacións de morcegos requerirá, en calquera caso, dun seguemento a medio prazo que inclúa, como mínimo, o vindeiro ciclo anual.



Drosera é unha entidade sen ánimo de lucro que desenvolve desde 2007 o programa **Morcegos de Galicia** co que está a contribuir ao estudo e conservación dos morcegos en Galicia.

No ano 2010 presentou o informe “Morcegos do Parque Natural das Fragas do Eume: inventario, distribución, ecoloxía” froito do traballo desenvolvido durante 2008 e 2009.

Máis información en
www.morcegosdegalicia.org
info@morcegosdegalicia.org